

LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.

+	A	B	C	D	-
	P.-A exposición oral preséntase secuenciada cunha estrutura lóxica, diferenciando introdución, corpo e conclusión ,con coherencia e cohesión. Adecúa o discurso ás diferentes necesidades narrativas	P.-A exposición oral está correctamente estruturada e o discurso resulta coherente pero hai un ou dos erros de cohesión.	P.-A exposición oral segue unha orde lóxica e resulta coherente pero, en ocasións, o narrado é impreciso o que dificulta a comprensión dalgunhas partes.	P.-A exposición oral non se presenta secuenciada nunha estrutura lóxica. . O discurso é confuso.	
	P.-Emprega un vocabulario variado e relevante, axeitado á audiencia; os nexos son precisos e usa o rexistro que require o contexto.	P.-Emprega un vocabulario apropiado. Os nexos son axeitados e o rexistro axústase, en xeral, ao contexto.	P.- O vocabulario é pouco variado e, en ocasións, pouco relevante. Emprega nexos, pero non sempre de forma correcta. O rexistro , en xeral, axústase ao contexto.	P.-Presenta un vocabulario pobre e, nalgún caso, inadecuado. Obsérvanse varias incorreccións no uso de nexos ou ten confusión no emprego do rexistro apropiado.	
	P.- Demostra dominio da escena e da historia utilizando a linguaxe xestual para facer matizacións. Mantén o contacto visual coa audiencia e móstrase seguro.	P.-Emprega linguaxe xestual e frecuente contacto visual diante da audiencia. Mostra seguridade e bo coñecemento da historia	P.-Trata de utilizar linguaxe corporal para sustentar a narración. Móstrase inseguro en varias ocasións.	P.- Rara vez se dirixe á audiencia e apenas emprega xestos para reforzar o significado da historia. Mostra signos evidentes de inseguridade ou pouco interese por transmitir emoción.	
	P.-A entonación e o ritmo correspondéanse coa liña argumentaría. A dicción e correcta e o volume é adecuado durante toda a narración	P.- A entonación e ritmo empregado consegue, en xeral, ,transmitir a emoción da historia. Fala con claridade e o volumen é adecuado.	P.- O narrador esfórzase por empregar o ritmo e entonación axeitado aínda que non sempre consegue captar a atención da audiencia. Ocasionalmente o volume de voz é baixo e non sempre vocaliza con claridade.	P: O ritmo é monótono e o tempo empregado non se axusta á historia. A falta de matización e vocalización dificultan a comprensión.	
	C.-O borrador do texto adecúa o discurso ás diferentes necesidades narrativas	C.-O borrador do texto está correctamente estruturada e o discurso resulta coherente pero hai un ou dos erros de cohesión.	C.-O borrador do texto segue unha orde lóxica e resulta coherente pero, en ocasións, o narrador usa sen precisión os elementos de cohesión, o que dificulta a comprensión dalgunhas partes.	C.-O borrador do texto presenta falla de coherencia e cohesión dificultan a comprensión xeral	
	C.-Responde con rapidez e claridade ás preguntas que, sobre a historia narrada, lle realizan o profesorado e os compañeiros/as de clase. Improvisando con facilidade, se é necesario, para argumentar a súa resposta.	C.-Responde con claridade ás preguntas que, sobre a historia narrada, lle realizan o profesorado e os compañeiros/as de clase.	C.-Responde ás preguntas que, sobre a historia narrada, lle realizan o profesorado e os compañeiros/as de clase.	C.-Non responde con claridade ás preguntas que, sobre a historia narrada, lle realizan o profesorado e os compañeiros/as de clase.	
	Cx.- Non precisa as súas notas nin a axuda do profesor. Fala con seguridade, improvisando algún detalle.	Cx.-Pode precisar as súas notas en unha ou dúas ocasións pero non necesita axuda do profesor. Proxecta bastante seguridade e, en algún momento, espontaneidade	Cx.-Pode necesitar revisar as súas notas en varias ocasións e parece sentirse incómodo se ten que improvisar ou recorrer ao profesor	Cx.-Móstrase titubeante e require axuda do profesor .	